

Balance social

Empresas de Inserción
de Galicia

2020



BALANCE SOCIAL DAS EMPRESAS DE INSERCIÓN EN GALICIA

INDICE

PRESENTACIÓN	3
INTRODUCCION	4
AS EMPRESAS DE INSERCIÓN	6
ANÁLISE DE DATOS	8
CONCLUSIÓN.....	20
AGRADECIMENTOS.....	21
ANEXO.....	22

PRESENTACIÓN

A finalidade deste informe é o de comunicar á sociedade e as institucións públicas e privadas o traballo que se realiza dende as Empresas de Inserción que forman parte da Asociación de Empresas de Inserción AEIGA, así como poñer en valor os resultados empresariais e sociais que se obtiveron no ano 2020. O balance social representa unha ferramenta que permite medir e auditar costes e beneficios das empresas.

A Asociación de Empresas de Inserción de Galicia AEIGA constituíuse no ano 2007 en Santiago de Compostela, coa finalidade de traballar activamente na defensa dos intereses das Empresas de Inserción e dos seus traballadores, así como na promoción das Empresas de Inserción Laboral, e a inserción laboral dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

AEIGA, ven desenvolvendo unha serie de accións dirixidas a fomentar, difundir, representar e fortalecer o tecido empresarial das Empresas de Inserción. Non obstante, consideramos que existe un profundo descoñecemento por parte de múltiples entidades públicas e privadas, impedindo sensiblemente o fortalecemento dunha iniciativa que xunta o social e o económico como é a Empresa de Inserción.

Do mesmo xeito, consideramos que ese proceso de fortalecemento dun sector de economía social, pasa por que as entidades susceptibles de poder crear una EIL, aposten por este sistema á hora de poder dar un paso adiante no momento de iniciar un proxecto de empresa de inserción. E para poder tomar as mellores decisións necesitamos contar con datos do impacto das Empresas de Inserción en Galicia. É fundamental que o tecido socio laboral Galego saiba que as empresas de inserción veñen para quedarse. Nos momentos nos que se fala dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), responsabilidade e sostenibilidade, é un compromiso asociado a estratexias de mercado, é contradictorio que unha figura empresarial que engloba aínda mais que iso, non este á vangarda nas iniciativas empresariais.

INTRODUCCIÓN

Co presente informe do Balance Social dende AEIGA queremos visibilizar o impacto que ten as actividades que desenvolven as empresas de inserción do grupo na redución das desigualdades, xa que reciben axudas das Administracións para poder levar a cabo a súa labor social, pero tamén retornan cartos vía impostos e cotizacións.

Estas aportacións ás arcas públicas minoran na práctica a inversión que supón para a sociedade o apoio á creación de posto de traballo en inserción, aforro nas políticas de servizos sociais, axudas, subsidios e pensións non contributivas. Impactos dificilmente cuantificables pero que, sen dúbida son aportes para a cohesión e a xustiza social.

O noso obxectivo principal é realizar unha análise da repercusión e impacto social e económico das empresas de inserción en Galicia que axude a entender a necesidade de potenciar e evidenciar a Empresa de Inserción Laboral como un axente clave no progreso socio laboral da comunidade na que interactúa.

Na actualidade existen diferentes metodoloxías para calcular ese impacto o balance social, tal como a metodoloxía SROI - Retorno Social do Investimento. É un método baseado en principios de medición do valor extra-financeiro, é dicir o valor social, económico e ambiental que actualmente non se reflicte na contabilidade financeira convencional en relación cos recursos investidos nunha organización, proxecto ou iniciativa. Ese análise tamén serve para identificar formas de mellorar a xestión das actividades e mellorar o rendemento dos recursos investidos nunha determinada organización, iniciativa ou proxecto en curso. O análise SROI ofrece un enfoque cuantitativo para entender e xestionar os impactos dun proxecto, negocio, ou organización.

Aínda sen descartar ningunha das posibles metodoloxías a empregar, no noso caso e tendo en conta que é o primeiro achegamento ao tema para a recollida de información cuantitativa, empregáronse

cuestionarios de elaboración propia que se remitiron a todas as empresas de inserción laboral de Galicia socias de AEIGA, a data de 31 de decembro de 2020. Así mesmo levouse a cabo unha revisión de fontes primarias para unha maior contextualización e definición das variables relevantes a estudar e realizouse unha ficha por empresa, recopiando nun expediente individual cada unha das empresas de inserción a analizar. Esta técnica cuantitativa permitiunos obter unha serie de datos actualizados e realizar comparacións.

Os resultados deste informe dividíronse nos seguintes apartados temáticos:

- Características das Empresas de Inserción participantes: a partir de datos xerais da empresa: a forma xurídica, a distribución territorial, o sector produtivo e a antigüidade da empresa.
- Análise de datos: do cadro de persoal a partir do estudo do perfil das persoas traballadoras de estrutura e as persoas traballadoras de inserción (PTI); e da actividade económica da empresa a través de indicadores económico-financeiros que nos aproximarán ao coñecemento dos aspectos económicos das EIL, o seu volume de facturación, a súa dependencia de subvención, así como a estrutura de comercialización.

No ano 2020 integraban a Asociación AEIGA 9 empresas que realizan a súa actividade en diversos sectores: forestáis, agroalimentaria, venda de produtos ecolóxicos, recollida de aceite vexetal usado, limpeza , portes, recollida de roupa de segunda man para a venda en tendas catalogadas dentro do sector textil, tiendas de venda directa de louza, libros, material escolar, complementos de vestir, roupa e obxecto do fogar, etc.

Do total das 9 Empresas de Inserción que forman parte da Asociación, o seguinte análise realizouse coa información recollida en 8 delas, xa que as especiais circunstancias vividas motivadas pola pandemia da Covid-19, impediron poder dispoñer de datos da actividade

dunha delas que pola causa anteriormente citada tivo que suspender a súa actividade, motivado polos impedimentos e restricións que afectaba á produción do seu produto dentro dun sector relacionado coa hostalaría e alimentación.

O número total de Empresas de Inserción inscritas no Rexistro Galego de Empresas de Inserción a 31 de decembro de 2020 é de 13.

Os resultados expostos representan o 61% das empresas galegas.

Este informe sirve a nivel interno para avaliar cuantitativa e cualitativamente os nosos resultados sociais e o cumprimento da responsabilidade social da entidade. Ademais, usarase como ferramenta para mellorar a futura xestión e planificación das entidades, axudando á toma de decisións e asignación de recursos.

Dende o punto de vista externo, é un bo método de comunicación de información social da empresa para os nosos grupos de interese: administración, empresas privadas ou a sociedade en xeral.

Con este balance social o que queremos remarcar é que nos **importa máis o beneficio social das entidades que o seu beneficio económico**. En AEIGA tratamos de que os recursos humanos sexan xestionados coa mesma eficiencia que os recursos financeiros. Ademais, queremos demostrar que as organizacións de economía social son economicamente viables e autónomas combinando a xeración de valor económico coa xeración de valor social.

AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

As Empresas de Inserción xorden en España a mediados dos anos 80 procedentes maioritariamente de organizacións relixiosas de base, de asociacións de veciños e de entidades de inserción laboral. Na súa xénese contaban cun alto compoñente de voluntariado. Comezouse facilitando formación básica, ben con cursos de alfabetización ou ben con formación que permitía obter o graduado escolar, a aquelas persoas que quedarán fóra do sistema ou non chegaran a entrar. Continuouse esta labor con

talleres ocupacionais e centros socio-laborais, desde onde se deu o salto as primeiras empresas de Inserción Laboral.

A normativa estatal, a Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, define as mesmas como: “Aquela sociedade mercantil ou sociedade cooperativa legalmente constituída que, debidamente cualificada polos organismos autonómicos competentes na materia, realice calquera actividade económica de produción de bens e servizos, cuxo obxecto social teña como fin a integración e formación socio-laboral de persoas en situación de exclusión social como tránsito ao emprego ordinario”.

De maneira similar en Galicia o decreto 156/2007 de 19 de xullo de 2007 as define como: “Aquelas estruturas produtivas de bens ou servizos que teñan por finalidade primordial do seu obxecto social a incorporación ao mercado laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e acompañamento precisos para mellorar as súas condicións de empregabilidade e facilitarlles o acceso ao mercado laboral ordinario”

Por definición, as empresas deberán proporcionar as persoas traballadoras en inserción:

- Procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado.
- Formación no posto de traballo, habituación laboral e social.
- Servizos de intervención ou acompañamento para a inserción socio-laboral que faciliten a súa posterior incorporación ao mercado de traballo ordinario.

As empresas de inserción nacen como un instrumento para loitar contra a pobreza e a exclusión social. Son iniciativas impulsadas desde asociacións sen ánimo de lucro, que combinan a lóxica empresarial con metodoloxías de inserción laboral no mesmo proxecto. Permítenlles ás persoas en situación ou risco de exclusión realizar unha aprendizaxe nunha contorna laboral real mediante o traballo nun posto por conta allea

remunerado pero tamén son estruturas económicas que producen bens e servizos axustándose ás normas do mercado.

As empresas de Inserción forman parte da Economía Social, en tanto a lei estatal 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, definiu o concepto de Economía Social, concretando os seus principios orientadores e configurando un marco xurídico de aplicación no conxunto do Estado que, sen substituír a normativa aplicable a cada unha das entidades que conforman o seu ámbito, pretende un maior recoñecemento e visibilidade da economía social outorgándolle maior grao de seguridade xurídica.

Na nosa comunidade, a Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia constitúe o marco xurídico galego que regula a economía social. Entre as entidades que forman parte da economía social atopamos ás cooperativas, as mutualidades, as fundacións e asociacións que levan a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores e as sociedades agrarias de transformación. De todas elas as Empresas de inserción seguen a ser as máis descoñecidas tanto para o público en xeral como para as entidades públicas por ser as últimas en irromper na economía social.

ANÁLISE DE DATOS

Características xerais das empresas de Inserción que forman parte da Asociación AEIGA

Dende o aparición das empresas de inserción na nosa comunidade autónoma dentro do tecido empresarial galego no ano 2007, data tamén da constitución da Asociación AEIGA o número de empresas aumentou considerablemente facilitando o acceso a un emprego digno en sectores de poboación con especiais dificultades de entrada ao mercado laboral. A difusión desta figura empresarial e a necesidade de seguir medrando na procura do seu obxectivo principal fan que sexa xa parte consolidada da Estratexia Galega de Economía Social cara a implantación da Axenda


2030 de Desenvolvemento Sostible En canto a presenza territorial, das **8 entidades do estudo** que forman parte da Asociación, vemos que distribúense entre as provincias de A Coruña, Pontevedra, quedando Lugo e Ourense sen representación. Deste xeito vemos que a distribución das Empresas de Inserción laboral centrase principalmente nas provincias de A Coruña e Pontevedra cunha distribución equitativa entre elas do 50% cada unha delas. A continuación faise unha breve reseña sobre as empresas e as actividades que desenvolven.

	<p>Cormo Integral E.I.L., S.L. Creada no ano 2005 en Vigo. Ofrece servizos de xardinería, traballos forestais e medioambientais. Mantemento de xardíns, deseño e construción, instalación de rego automático, limpeza e mantemento de beirarrúas e sendeiros, creación e mellora de zonas verdes, traballos de silvicultura.</p> <p>Avda. Martínez Garrido 21 int. 36205 Vigo 986 25 3176</p>
	<p>Compostela Inserta E.I.L., S.L. Creada no ano 2010 en Santiago de Compostela. Ofrece servizos de recollida de aceite vexetal usado, limpeza e mantemento profesional de edificios e establecementos, garaxes, e naves comerciais, comunidade de propietarios. Tamén realizan traballos de portes e mudanzas.</p> <p>R/ Concheiros nº 33 1º. 15703 Santiago de Compostela Telf: 981 580506</p>
<p>PROPERDIS E.I.L.</p>	<p>Properdis E.I.L., S.L. Creada no ano 2010 en Ribeira (A Coruña). Ofrece servizos de construción e reforma de elementos patrimoniais, conservación de edificios, reformas e rehabilitación, obra menor (pintado e acondicionado). Asemade, traballos de limpeza forestais e de xardinería.</p> <p>Gándara nº 44. 15993 Oleiros. Ribeira (A Coruña) Telf: 981 865716</p>
	<p>Feito Pontevedra E.I.L., S.L. Creada en Pontevedra no ano 2014. Ofrece servizos de limpeza forestais, operacións de prevención de incendios, preparación de terreos para plantación, podas, control fitosanitario, creación e mantemento de xardíns e hortas urbanas.</p> <p>R/ Cruceiro nº 17 A. 36002 Pontevedra Telf: 986 858254</p>

	<p>Arroupa Santiago, EIL, SLU. Creada no ano 2015 en Santiago de Compostela, ofrece servizos de recollida de téxtil nos diferentes colectores instalados nas cidades. A maiores de facer venda directa ao público de roupa, calzado e complementos, así como a entrega social de roupa.</p> <p>Avda. Isaac Peral 5B. Polg do Tambre 15890 Santiago de Compostela Telf: 981 935 080</p>
 <p>Servicios Comerciales de Inserción Laboral</p>	<p>Servicios Comerciales de Inserción Laboral E.I.L., S.L. Creada en Vigo en 2019. Ofrece venda directa, na cidade, de roupa, calzado e complementos de segunda man ou restos de stock de tendas. A recollida realízase a través de contedores distribuídos pola provincia.</p> <p>R/ García Barbón 104 baixo. 36201 Vigo 986 443310</p>
	<p>AHortas E.I.L., S.L. Creada no ano 2019 en Ordes (A Coruña). Adicada á horticultura ecolóxica e ao cultivo de pequenos froitos, cultivados tanto en invernadoiros como ó aire libre.</p> <p>Rúa da Fonte 2. 15680 Ordes (A Coruña) 881 980 719</p>
	<p>Vivir do Traballo, S.L. Creada en Pontevedra no ano 2020. Ofrece recollida e recuperación de produtos de téxtil e complementos, así como: mobiliario, aparatos eléctricos e electrónicos, xoguetes, ocio e deportes, ferramentas e artigos para o fogar.</p> <p>Rúa San Mauro nº 40. 36004 Pontevedra 986 848 159</p>

Distribución xeográfica






En canto á **forma xurídica**, a pesar de que a normativa contempla calquera forma xurídica mercantil, incluíndo as cooperativas de inserción dende xaneiro de 2020, a totalidade das empresas de inserción galegas apostaron por constituírense como Sociedades Limitadas, participadas nun 100% do seu capital social pola entidade promotora.

Si ben o artigo 6 da Lei estatal recolle que terán a consideración de entidades promotoras as entidades sen ánimo de lucro, incluídas as de dereito público, as Asociacións sen fins lucrativos e as Fundacións, cuxo obxecto social contemple a inserción social de persoas especialmente desfavorecidas, as empresas de inserción en Galicia son promovidas por integramente por Fundacións e Asociacións cun 50% e un 50% respectivamente.


Forma xurídica entidade promotora




Elaboración propia a partir da recollida de datos

As Empresas de Inserción de AEIGA e como posta en valor do seu traballo e recoñecemento como organización empresarial, teñen xa implantados nun porcentaxe do 75% das empresas plans de medidas de igualdade, como axuda a optimizar os recursos humanos e mellorar a xestión empresarial, aproveitando o talento e potencial entre mulleres e homes, o clima laboral e a motivación. As plantillas de traballadores/as que conviven coa igualdade entenden dende os seus comezos que as mulleres e homes contan coas mesmas oportunidades á hora de acceder, participar e crecer no traballo. Dito doutro xeito, son máis produtivas.

Medidas de igualdade



Como todas as iniciativas dentro do ámbito empresarial, o dato importante a ter en conta é a súa carteira de clientes aos que se ofrecen os distintos servizos das empresas de inserción -pese a que en xeral a idea dominante é a da colaboración coas distintas administracións públicas- o certo é que maioritariamente están a reclamar servizos e traballo os clientes privados. Tamén valorar o incremento da administración na contratación mediante a reserva de mercado que analizaremos máis adiante neste documento.




PERSOAL NAS EMPRESAS DE INSERCIÓN


Cando falamos das EIL podemos facer unha clasificación básica entre aqueles traballadores que están en proceso de inserción e que, por tanto, son os beneficiarios directos das actividades exercidas pola entidade de inserción, e os que forman parte da dirección, xerencia, administración e supervisión da produción da empresa e que, por tanto, ocupan un lugar de estrutura.

No ano 2020 traballaron un total de 140 persoas, das cales **87** persoas estiveron en proceso de **inserción**, e **53** persoas formaron parte dos cadros de **estrutura** das EIL.

Persoal nas EIL




% de persoal en inserción




Móstrase un aumento significativo de formalización de contratos en itinerarios de inserción (comparativa 2019-2020)

Contratos de inserción




A maioría das persoas traballadoras en inserción eran perceptoras da Renda de Integración social de Galicia, (RISGA) como se observa na gráfica (comparativa 2019-2020)


Persoal en inserción Perceptores de RISGA



Persoal de inserción subvencionado



DATOS ECONÓMICOS



DATOS ECONÓMICOS

INFORMACIÓN ECONÓMICA (8 EIL)	2020
Facturación anual das EILS	1.710.705,44 €
Subvencións recibidas como EIL	586.637,02 €

INFORMACIÓN ECONÓMICA (8 EIL)	2020
Subvencións recibidas por posto en inserción 2020 (TR356A)	6.742,95 €
Coste medio dunha persoa receptora de renda básica ou similar	7.823,88 €
Diferenza entre costes	-1.080,93 €
Coste total por número de persoas subvencionadas	-94.040,91 €

O aforro para a administración galega por contratación de persoas receptoras de RISGA e de **94.040.91 euros**

Para calcular o coste dunha persoa beneficiaria da RISGA deberá terse en conta a contía da renda de inclusión social que consta dunha prestación mínima correspondente ao tramo persoal, e un complemento correspondente ao tramo familiar persoal de cada solicitante en función as súas circunstancias.

Pódese establecer unha media en torno de 593,15 €/mes que xunto con axudas vinculadas, como pode ser a axuda por vivenda 58,84€/mes acadan un total de 651,99 €/mes o que representa para a administración un total de 7.823,88 anuais.

**Diferenza para administración dunha
persoas en situación de exclusión
nunha EIL o en renda básica**

-1.080,93 €


APORTE ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS VIA IMPOSTOS DENDE AS EMPRESAS DE AEIGA 2020	
IVE	128.978,77 €
Imposto de Sociedades	5.048,10 €
Outros tributos	5.989,59 €
IRPF	46.033,01 €

RETORNO ECONÓMICO POR POSTO DE INSERCIÓN A XORNADA COMPLETA POR CONTIBUCIÓNS DIRECTAS 2020	
Subvencións media por posto de inserción	8.665,30 €
Cotizacións da Seguridade Social e IRPF do posto de inserción	3.301,99 €
Retorno económico (por posto de inserción)	5.363,31 €
Retorno económico total por postos de inserción 2021	466.607,97 €

Dos datos, podemos concluír que as empresas de inserción son unha ferramenta que ademais de xerar un retorno económico a administración (mediante a creación de emprego, pago de cotas a seguridade social, IRPF, IVE...) tamén constitúen unha alternativa economicamente mais rendibles.

Destacar o apoio e compromiso da administración da Xunta de Galicia que ven aumentando ano a ano o orzamento das bases reguladoras das axudas ás Empresas de Inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras. No seguinte gráfico reflicte os datos das 3 últimas convocatorias.

Evolución do aumento orzamentario Xunta de Galicia (TR356)



CONCLUSION

En Galicia as organizacións de economía social están resultando ser un pilar fundamental para cubrir as necesidades da sociedade e axudar a diminuír certos problemas sociais, como a desigualdade ou a exclusión.

Con toda a información recollida, contextualizamos o estado no que se atopa a figura da Empresa de Inserción segundo os datos das nosas entidades sociais, e buscamos xerar información cuantitativa que axude a analizar o seu presente, e sobre todo, que nos posibilite dilucidar o seu futuro. A idea deste informe radica nunha inversión de futuro, pero sobre todo un exercicio de conciencia e responsabilidade na súa relación co entorno. As empresas de inserción son fundamentais para o desenvolvemento de políticas de emprego activas.

Lamentablemente e a consecuencia do momento vivido pola crise e restricións provocadas pola pandemia da Covid-19, no que atinxe á merma ou cese de actividade das empresas provocou unha carencia de datos para a elaboración completa do informe. Este servirá como inicio e soporte de futuros documentos a desenvolver con posterioridade e que

podan aportar -sen causas en contra de forza maior-, todos os rexistros necesarios.

O noso obxectivo e chegar á sociedade galega coa confianza no noso traballo e cunha estratexia moi ben estudada, posto que está en xogo algo máis que un traballo no que creemos. Está en xogo, unha iniciativa que ofrece resposta e resultados á sociedade.

O presente documento do Balance Social, non acada na súa totalidade os obxectivos propostos, AEIGA na actualidade, aglutina ao 70% da empresas existentes, estando proximamente en proceso de cualificación tres novas empresas que en datas vindeiras formaran parte da nosa Asociación, crecendo deste xeito a representación da Asociación AEIGA dentro das iniciativas da economía social galega.

AGRADECEMENTOS

Agradecemos ás Empresas de Inserción que forman parte de AEIGA, a súa colaboración para facer posible este documento. O seu traballo en prol da igualdade de oportunidades fan delas, un claro exemplo de que se pode acadar una sociedade máis xusta e igualitaria.

ANEXO

- **MODELO DE FICHA DE RECOLLIDA DE DATOS**



DATOS XERAIS DA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL

Razón social
Forma xurídica
Ano de constitución
Ano de rexistro
Entidade promotora
Enderezo
Código postal
Provincia
Teléfono
Fax
Correo electrónico
Páxina web

INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE

Sector
Actividade principal
Outras actividades

CARTEIRA DE CLIENTES

Privados % Administración %

IGUALDADE

Ten a EIL medidas de igualdade de oportunidades para homes e mulleres

Non Si

XESTIÓN DA CALIDADE

Ten a EIL sistema de calidade

Non Si Cal?

PERSOAL DA ENTIDADE

	2012	2013	2014
HOMES			
MULLERES			

PERSOAL EN INSERCIÓN

	2012	2013	2014
HOMES			
MULLERES			

PERSOAL EN INSERCIÓN SUBVENCIONADO POLO PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EIL E ÁS SÚAS ENTIDADES PROMOTORAS

	2012	2013	2014
HOMES			
MULLERES			

INSERCIÓN NO MERCADOLABORAL ORDINARIO

	2012	2013	2014
HOMES			
MULLERES			

DATOS ECONÓMICOS

	2012	2013	2014
Resultado da explotación			
Resultado do exercicio			

¿CÓMO PODEMOS AXUDALO? Indíque qué outros servizos necesita:

BALANCE SOCIAL

Esta actividade encádrase no programa de actuación 2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social.